


TIRABEQUE

Un Fanzine de Gadis

para as Letras Galegas

GADIS





TIRABEQUE

gadisletrasgalegas.gal

GADIS

Tirabeque.
Fanzine de Gadis para o Día das Letras Galegas.

Edita

Gadisa Retail SLU
Polígono de Piadela s/n.15300
Betanzos, A Coruña.

Coordinación da edición e deseño

Nasas

Depósito Legal

C 651-2023

Impresión e encadernación

Agencia Gráfica

Papel

offset de 100 gr e de 160g

Impreso en Galicia. Abril de 2023.





Este fanzine que tes nas mans reúne unha escolma de creadoras que nos amosan a versatilidade e o enorme potencial de varias xeracións de autores galegos que cos seus contidos achegan un valor engadido a unha empresa como Supermercados Gadis.

A banda deseñada e a ilustración son a linguaxe do presente, protagonistas dunha sociedade na que convivimos a diario coa cultura da imaxe. Os nosos creadores gráficos son un elemento importante, deses que definen a cultura do noso país, pero o potencial gráfico galego está moi por riba das posibilidades que ofrece a industria local. A meirande parte dos nosos creadores triunfan no panorama estatal e tamén internacional, mais non sempre son recoñecidos na súa casa. Iniciativas coma esta coa que hoxe Gadis che agasalla con motivo do Día das Letras Galegas 2023, axudan a popularizar os nosos creadores ao pé da rúa.


Gozamos dun estado de madurez creativa sen precedentes. Nesta eclosión, dúcias de ilustradores saen cada ano das nosas Escolas de Artes e da Universidade e a isto súmanse outros autodidactas que se forman grazas á información que ofrece Internet. A canteira galega ábrese paso autoeditándose, pois faltan medios profesionais que cheguen a grandes masas de público, como houbo antano. Con esta premisa, o apoio á creación propia, con iniciativas privadas coma esta, supón unha aposta importante. Proxectos coma este de Gadis significan un acto de compromiso que vai máis alá do mero ámbito publicitario. Aproveitar a canle de distribución dun sector primario para divulgar cultura é un acerto sempre.

Hai que ter en conta tamén que unha sociedade, ao igual que unha empresa, reflíctese na imaxe que esta transmite. Que a presente publicación se edite na lingua propia, que é o maior tesouro da nosa cultura, achega ese elemento diferenciador que nos identifica dentro dun panorama globalizado no que cada vez é máis difícil destacar. Lonxe do que algúns pensen, crear en galego é a aposta máis universal que podemos facer para evitar diluírnos neste mundo global.

Pecho este limiar cunha breve reflexión: os países nos que a industria e a creatividade camiñan da man son países que progresan con maior éxito e rendibilidade despertando admiración no resto das culturas. Oxalá esta acción, necesaria e exemplar, sexa a primeira de moitas e sirva tamén de exemplo para outros.

Chegados a este punto, agardo que gocedes deste Tirabeque, o resultado dunha maridaxe entre a alimentación que nutre ao corpo e unha substancia que nutre a alma: a ilustración gráfica.

*Manel Cráneo,
debuxante e ilustrador.*



**Algúns
consellos
para unha
compra
sostible.**

**Leva a tua
propria bolsa.**



**Consume
produto local.**




**Evita os resíduos,
planifica a
túa compra.**



**Escolle produtos envasados
em materiais reciclables.**



Pídechas o corpo,
chichariño!




ANOTHER DAY IN PARADISE GADIS

*Disque visitar un Gadis non é o mesmo que visitar as illas Fiyi,
pero en Gadis teñen iogur grego de un litro.*


*Ás veces é máis sinxelo e frutífero buscar a felicidade no día a día
que estando de vacacións, onde todo se presupón perfecto.*

Oda á rutina,

PROPOSTA PARA UNHA NOVA BOLSA REUTILIZÁVEL.



O PRIMEIRO CHUVASQUEIRO DE SISUKA



Ao pouco de que Sisuka chegara ás nosas vidas, descubrimos que cando se mollaba moito, collía frío e enfermaba da barriga moi facilmente. Por iso, unha das primeiras veces que nos pillou a choiva, fixémoslle un chubasqueiro DIY cunha bolsa do Gadis. Agora xa ten un con GORE TEX.



How many tirabeques
must a man open before
you can call him
chícharo chaser?



PeSía TomateirA




X. Pousa
Cuchiflainas







Oh, tomate, tomate,
es ti tan brillante,
de tantas formas e cores,
de ti teño amoros.




laranja, vermello, negro ou amarelo,
ata en verde de ti teño anheño.



Senella disparte,
mais causa gran debate.
Por ti discuten e tolean,
-froita ou verdura?- garnean.



En #GadizSaúde xa cho explican,
-froita e verdura- replican.




Na botánica unha cousa
e na coziña outra,
pois segundo o enfoque
varía onde se coloque.







E é que nesta discusión,
todos levan a razón.




Cinco pezas de froita debes tomar,
para unha boa alimentación levar.
Engade tomate nas túas comidas
e esta tarefa lograrás desquida.



Cando un pouco quero tomar,
xa sei onde procurar,
pois no Gadir sempre atopo
o mellor que no prato boto.



E entre tanta variedade
eu decido con calidade.



Tomate pera ou de rama,
para refregar nunha rebanda.
Tomate Raf ou Monte Rosa
non hai froita máis deliciosa.



Tomate cherry ou de ensalada,
eu aderézcoos de boa gana.



E co tomate de San Roque,
boa toda salsa na que o lote!



Cos tomates de Cherokee penso,
-non hai pracer máis inmenso
que unha boa comida
cos tomates de compañía-



Cando quero comer pasta,
engado unha boa salsa,
pode ser xa preparada
ou recién feita na casa.



E cando na casa cocino
nada engana ao meu fociño,
co lote de tomate triturado
queda un estupendo quisado.



E para o churrasco acompañar
sempre é bo un tomate asar,
un pouco de pementa e sal,
boísimo para condimentar.



Na despensa sempre teño
unha lata, por se o demo,
de tomate pelado,
enteiro ou cortado.




E para nas mañás almorzar
mércoo xa listo para untar,
ata nunha boa merenda
no bocadillo entra.



Oh, tomate, tomate,
aquí vén o remate,
pois teño xa fame
de tanto pensarte.

Vas de Tirabeque e non chegas a medio chícharo.





QUE A TUA COMPRA SÓ CONTÉN INGREDIENTES VEXETAIS E QUE, PRO-BABEMENTE, ESTARÁ DELICIOSA!

MMMMM...





HAI MOITOS
PRODUTOS CON
ESTAS CARAC-
TERÍSTICAS



(TAMÉN SEN IDENTIFICAR)

ÑAM
ÑAM

VERDURAS
DE TEMPADA

LEGUMES
ECOLÓXICAS

FROITAS DE
CERCAÑÍA



HAI (CASE)
DE TODO!

BEBIDAS
CAFÉS
E CHOCOLATES
PATACAS
DOCES

CEREAIS
FAST
FOOD
ZUMES
INFUS

FROITOS
SECOS

"LEITES"
VEXETAIS



PERO GRAZAS Á ETIQUETA
SABEMOS QUE XA ALGUÉN SE
PREOCUPOU DE
LER A LISTA DE
INGREDIENTES

NON SEMPRE É
TAN FÁCIL SA-
BER QUE PRODUTOS
SON SÓ VE-
XETAIS!

SANDWICH
VEXETAL
MARCHANDO

LEVA
QUEIXO?

QUEIXO, ATÚN
E MAIONESA

NON O QUERO,
GRAZAS

TARTA DE
CENORIA?

QUE LEVA?
OVOS, MANTO,
GRAXA DE PORCO,
LEITE, FARINA,
AZÚCAR...

E A CENORIA?
CHAMAMOLA
ASÍ POLA COR!


BURGER
VEGANA CON
PAN DE LEI-
TE POR
AGUÍ

SOS


VOUNO
PROBAR,
CLARO
QUE SI!

ASÍ QUE
XA SABES!
PARA VIVIR
NOVAS EXPE-
RIENCIAS NO
GADIS, BUS-
CA A ETIQUETA
VEGANA!

GADIS




Que din os chicharos
no Tirabeque verdescente?





DIS SUPERMERCADO






Tirabeque is not dead.








Tirabequear, tirabequearei,
loguiño de crarear...

Laura Mahía



**EN GADIS SOMOS
AMORODOS**



**EN GADIS SOMOS
CHÍCHAROS**




EN GADIS SOMOS
PEXEGOS



EN GADIS SOMOS
GRELOS


Tirabeque, tirabequiño,
u-lo chícharo prometido?







Nin tira, nin beque. Tirabeque!





A AVOA ARIA

AROA É UNHA AVOA
MOI MODERNA E
CONCIENCIADA
CO NOSO PLANETA



DEIXEIO CABELO BRANCO
POR QUE AO NATURAL
SÍNTOME XENIAL!



A MIÑA NETA XOANA
REGALOUME
ESTES ROCOS VEGANOS
CHULOS, EH!




A MIÑA BATA É
DA TENDA DE TODA A VIDA
NO MEU BARRIO. GÚSTAME
CONSUMIR DE FORMA RESPONSABLE.



POR ISO ENCÁNTAME
IR AO GADIS!
TEÑEN UN MONTÓN
DE PRODUTOS LOCAIS
E SAUDABLES.

SEMPRE LEVO
CONMIGO A MIÑA
BOLSA REUTILIZABLE.
SUPER ÚTIL!



E PARA A FROITA
TEÑO A REDE QUE PODES
MERCAR ALÍ. PARECE PEQUENA
PERO CABEN MOITISSÍMAS COUSAS!




MARCHO
QUETEÑO
QUE MARCHAR
E ISO É TODO.
COIDADE O PLANETA!




RO LEDESMA




O Tirabeque vai andando, pasiño a pasiño,
e vaime levando cara ao meu destino.







Chícharo: “Estou no Tirabeque!
Estou no Tirabeque! Sacaime
pronto de aquí!”.



A FANTÁSTICA HISTÓRIA DA BOLSA



DAS BOLSAS

EN TODAS AS DESPENSAS DE TODAS
AS CASAS, SEMPRE HÁI ALGO
QUE NON FALTA...



ALÍ, COLGADA NUN GANCHO
OU NUN PERCHEIRO, SEMPRE
ATOPARÁS UNHA BOLSA...



UNHA BOLSA QUE NOS SERVE
PARA GARDAR OUTRAS BOLSAS.
"A BOLSA DAS BOLSAS!"



**BOLSA, A NOSSA PROTAGONISTA,
É UNHA DESAS BOLSAS CHEA
DE BOLSAS.**

**PERO BOLSA NON É UNHA BOLSA
CALQUERA. SOÑA CON VIAXAR
POR TODO O MUNDO...**



**CADA VEZ QUE A SÚA DONA SACA UNHA BOLSA DO SEU
INTERIOR, PENSA A ONDE IRÁ A SÚA AMIGA: NOVA
YORK, BERLÍN, A INDIA, MÉXICO, PARÍS...**



UN DÍA, A DONA DE BOLSA APARECE CUN CARRO DA COMPRA!
BOLSA QUEDA ABRAIADA! DE ONDE VÉN ESA COUSA CON RODAS?
PERO PRONTO CHEGAN OS PROBLEMAS...



GUAUUU!



AS BOLSAS COMEZAN A SAÍR DE
BOLSA, PERO XA NON ENTRAN
OUTRAS NOVAS...



ATA QUE BOLSA QUEDA SOIÑA,
PENSANDO ONDE ESTARÍAN AS
SÚAS AMIGAS.



**UN DÍA, A SÚA DONA ENTROU
E COLLEUNA POLA ASA...**



**E LEVOUNA ATA A PORTA
POLA QUE ENTRARA HABÍA
ANOS NESÁ CASA...**




**A NOSA BOLSA ESTABA EMOCIENDA! A ONDE IRÍA DE VIAXE?
A VER AS PIRÁMIDES DE EXIPTO? OU OS TEMPLOS CHINESES?
A UNHA ILLA TROPICAL? OU A UN CRUCEIRO?**





AO ABRIR A PORTA, A DONA DE BOLSA PONA SOBRE
A SÚA CABEZA. ESTÁ CHOVENDO! E BOLSA, POR FIN,
SAE DAR UN PASEO.





Acompáñame a unha festa,
tirabequéate comigo...



OS CHÍCHAROS DESTE TIRABEQUE SON:

Carlos Arrojo

Lidia Cao

Manel Cráneo

Cuchiflainas

Berto Fojo

Jano

Julia Lago


Le Petit Patito

Ro Ledesma


Laura Mahía


Pepa Prieto Puy

VdeVillamisar



DESCARGA O FANZINE EN:
gadisletrasgalegas.gal





GADIS